

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

3950 *Real decreto 363/2017, do 8 de abril, polo que se establece un marco para a ordenación do espazo marítimo.*

A Directiva 2014/89/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, que establece un marco para a ordenación do espazo marítimo, estableceu un marco para a ordenación do dito espazo marítimo co obxecto de fomentar o crecemento sustentable das economías marítimas, o desenvolvemento sustentable dos espazos mariños e o aproveitamento sustentable dos recursos mariños.

Na citada directiva estableceuse que os Estados membros son responsables e competentes no que se refire a designar e determinar, dentro das súas augas mariñas, o formato e o contido da dita ordenación, incluíndo mecanismos institucionais e, se for o caso, calquera distribución do espazo marítimo entre as distintas actividades e usos respectivamente e, para isto, están obrigados a adoptar as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias o máis tardar o 18 de setembro de 2016. O presente real decreto vén dar cumprimento a esa obrigación.

Nas augas mariñas, os ecosistemas e os recursos mariños están sometidos a importantes presións. As actividades humanas, así como os efectos do cambio climático e as catástrofes naturais, poden ter un enorme impacto no desenvolvemento da chamada economía azul, ben como nos ecosistemas mariños, o que pode desembocar na deterioración do estado ambiental, a perda de biodiversidade e a degradación dos servizos dos ecosistemas. Por tanto, débese prestar a atención debida a estas distintas presións á hora de elaborar plans de ordenación do espazo marítimo. Ademais, se se integran nas decisións de planificación, uns ecosistemas mariños saudables e os múltiples servizos que prestan poden xerar importantes beneficios no que atinxe á produción de alimentos, ás actividades de turismo e lecer, á mitigación e adaptación ao cambio climático, incluíndo a produción de enerxías renovables mariñas, á protección do patrimonio cultural mariño, ao desenvolvemento doutros sectores marítimos e ao benestar da sociedade en xeral.

As actividades mariñas e costeiras están con frecuencia estreitamente relacionadas entre si. A fin de promover o aproveitamento sustentable do espazo marítimo, a ordenación do espazo marítimo debe ter en conta as interaccións entre terra e mar. Por tal motivo, a ordenación do espazo marítimo pode desempeñar un papel moi útil para determinar as orientacións relativas á xestión sustentable e integrada das actividades humanas no mar e no litoral, a conservación do contorno vital, a fragilidade dos ecosistemas costeiros, a erosión e os factores sociais e económicos. A ordenación do espazo marítimo debe aspirar a integrar a dimensión marítima dalgunhas actividades ou usos costeiros e os seus efectos e permitir, finalmente, unha visión integrada e estratéxica.

A finalidade principal da ordenación do espazo marítimo é promover o desenvolvemento sustentable e identificar a utilización do espazo marítimo para diferentes usos do mar, así como xestionar os usos do espazo e os conflitos que poidan xurdir nas zonas mariñas. A ordenación do espazo marítimo tamén aspira a identificar e promover os usos múltiples, de conformidade coas políticas e normativas nacionais pertinentes. Para isto, débese garantir ao menos que o proceso ou procesos de planificación culminen nunha planificación global, onde se identifique a potencialidade dos espazos marítimos para os diferentes usos e se teñan en conta os cambios a longo prazo derivados do cambio climático.

Así pois, a ordenación do espazo marítimo contribuirá á xestión eficaz das actividades marítimas e ao aproveitamento sustentable dos recursos costeiros e mariños, asegurando que se mantéña o bo estado ambiental do medio mariño e creando un marco que permita unha toma de decisións coherente, transparente, sustentable e baseada en probas.

A fin de lograr ou manter un bo estado ambiental do medio mariño, o máis tardar no ano 2020, púxose en marcha a Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008, que establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño (Directiva marco sobre a estratexia mariña), que se traspuxo ao ordenamento xurídico español por medio da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

Segundo o establecido no artigo 1.3 da citada lei, os instrumentos esenciais de planificación do medio mariño son as estratexias mariñas, as cales perseguirán como obxectivos específicos protexer e preservar o medio mariño, incluíndo a súa biodiversidade, evitar a súa deterioración e recuperar os ecosistemas mariños nas zonas que se visen afectadas negativamente; previr e reducir as verteduras ao medio mariño, co obxecto de eliminar progresivamente a contaminación do medio mariño, para velar por que non se produzan impactos ou riscos graves para a biodiversidade mariña, os ecosistemas mariños, a saúde humana ou os usos permitidos do mar; e garantir que as actividades e usos no medio mariño sexan compatibles coa preservación da súa biodiversidade.

Nesta mesma liña, o artigo 4 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, establece certos requisitos respecto á planificación no medio mariño e determina que a actuación dos poderes públicos en materia de planificación do medio mariño se rexerá, entre outros, polos seguintes criterios: unha xestión adaptativa das actividades humanas seguindo o principio de precaución e o enfoque ecosistémico e tendo en conta o coñecemento científico, para garantir que a presión conxunta desas actividades se manteña en niveis compatibles coa consecución dun bo estado ambiental; non se comprometerá a capacidade dos ecosistemas mariños de responder aos cambios inducidos pola actividade humana; propiciarase o aproveitamento sustentable dos bens e servizos mariños das actuais e futuras xeracións; garantirase que a investigación mariña orientada ao aproveitamento racional dos recursos e potencialidades do medio mariño sexa compatible co logro do bo estado ambiental; as políticas sectoriais que se leven a cabo ou poidan afectar o medio mariño serán compatibles e adaptaranse aos obxectivos das estratexias mariñas, e realizaranse estudos sobre a capacidade de carga destes espazos en relación coas actividades humanas que se desenvolvan neles, para garantir que se respecte o bo estado de conservación dos ecosistemas mariños, dos hábitats e das especies.

A planificación no medio mariño coincide xeograficamente, no ámbito das augas costeiras, coa planificación hidrolóxica. Esta conexión xa está regulada polo artigo 2.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, que establece que as estratexias mariñas non serán de aplicación ás augas costeiras definidas no artigo 16 *bis* do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, en relación con aqueles aspectos do estado ambiental do medio mariño que xa estean regulados na citada norma, e débense cumprir, en todo caso, os obxectivos ambientais establecidos na citada lei e nas estratexias mariñas que se aproben en aplicación dela. Como consecuencia do anterior, a coordinación entre a ordenación do espazo marítimo e a planificación hidrolóxica seguirá igualmente este precepto.

Así mesmo, o artigo 4.2 da citada lei establece que o Goberno poderá aprobar directrices comúns a todas as estratexias mariñas a fin de garantir a coherencia dos seus obxectivos, por exemplo en aspectos tales como a ordenación das actividades que se levan a cabo ou poden afectar o medio mariño, que se aprobarán por proposta do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente logo de consulta ás comunidades autónomas, á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, ao Consello Asesor de Medio Ambiente e aos departamentos ministeriais afectados.

Por último, o anexo V da Lei de protección do medio mariño, referente aos tipos de medidas que se poden incluír nos programas de medidas das estratexias mariñas, inclúe a planificación espacial mariña.

Por todo o anterior, o presente real decreto dítase en aplicación do disposto no artigo 4.2 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, co fin de traspasar a Directiva 2014/89/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, que establece un marco para a ordenación do espazo marítimo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de abril de 2017,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O presente real decreto establece un marco para a ordenación do espazo marítimo, e ten por obxecto fomentar o crecemento sustentable das economías marítimas, o desenvolvemento sustentable dos espazos mariños e o aproveitamento sustentable dos recursos mariños.

2. No contexto da política marítima integrada da Unión Europea e das estratexias mariñas, reguladas na Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, o presente marco dispón a determinación e aplicación dunha ordenación do espazo marítimo a fin de contribuír aos obxectivos que se indican no artigo 5 deste real decreto, tendo en conta as interaccións entre terra e mar e a mellora da cooperación transfronteiriza, de conformidade coas disposicións pertinentes da Convención das Nacións Unidas sobre Dereito do Mar de 1982 (CNUDM).

3. Este marco de ordenación constituirá unha directriz común a todas as estratexias mariñas, de acordo co establecido no artigo 4.2.f) da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto aplicarase a todas as augas mariñas, incluídos o leito, o subsolo e os recursos naturais, nas cales o Reino de España exerza soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición. Así mesmo, será de aplicación á plataforma continental española.

2. O presente real decreto non se aplicará:

- a) Ás actividades cuxo único propósito sexa a defensa ou a seguranza nacional.
- b) Á ordenación do territorio e urbanismo.
- c) Ás augas costeiras, a partes delas que sexan obxecto de medidas de ordenación do territorio e urbanismo nin ás augas de zona de servizo dos portos, a condición de que así se estableza nos plans de ordenación do espazo marítimo.

3. O presente real decreto non afectará a potestade de definir e determinar, dentro das augas mariñas, o alcance e a cobertura dos seus plans de ordenación do espazo marítimo nin os dereitos de soberanía nin a xurisdición española sobre augas mariñas determinados polas disposicións pertinentes do dereito internacional, en especial a CNUDM. En particular, a aplicación do presente real decreto non afectará o trazado e delimitación das fronteiras marítimas por parte do Reino de España de conformidade coas disposicións aplicables da CNUDM.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos do presente real decreto, establécense as seguintes definicións:

a) Política marítima integrada (PMI): a política da Unión Europea cuxo obxectivo é fomentar a adopción coordinada e coherente de decisións a fin de maximizar o desenvolvemento sustentable, o crecemento económico e a cohesión social dos Estados membros, en especial no que respecta ás rexións costeiras, insulares e ultraperiféricas da

Unión, así como aos sectores marítimos, por medio de políticas coherentes no ámbito marítimo e da cooperación internacional pertinente;

b) Ordenación do espazo marítimo: o proceso mediante o cal as autoridades competentes analizan e organizan as actividades humanas nas zonas mariñas a fin de alcanzar obxectivos ecolóxicos, económicos e sociais; entenderase como sinónimo de «planificación espacial mariña» ou «planificación espacial marítima»;

c) Rexión mariña: as rexións mariñas mencionadas no artigo 6.1 da Lei 41/2010, do 29 de decembro;

d) Augas mariñas españolas: as augas, o leito mariño e o subsolo situados alén da liña de base que serve para medir a largura das augas territoriais e que se estenden até o límite exterior da zona en que o Reino de España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, e o resto das augas costeiras consonte a definición do artigo 16 *bis*.1 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, o seu leito mariño e o seu subsolo;

e) Demarcacións mariñas: as subdivisións das rexións mariñas en España, tal e como se definen no artigo 6.2 da Lei 41/2010, do 29 de decembro;

f) Interaccións entre terra e mar: os efectos que as actividades humanas en terra poden ter sobre o espazo marítimo e os que as actividades marítimas poden ter no territorio.

CAPÍTULO II

Ordenación do espazo marítimo

Sección 1.^a Ordenación do espazo marítimo

Artigo 4. Determinación e aplicación da ordenación do espazo marítimo.

1. Para determinar e aplicar unha ordenación do espazo marítimo, elaborárase un plan de ordenación do espazo marítimo para cada unha das demarcacións mariñas españolas.

2. Na elaboración dos plans de ordenación do espazo marítimo teranse en conta as interaccións entre terra e mar. A fin de ter en conta as interaccións entre terra e mar, poderase recorrer a outros instrumentos para definir esa interacción. O resultado quedará plasmado nos plans de ordenación do espazo marítimo.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 2, número 2, alínea b), a través da ordenación do espazo marítimo promoverase a coherencia do plan ou plans de ordenación do espazo marítimo resultantes con outros procesos pertinentes, que se coordinará a través dos comités de seguimento das estratexias mariñas, a Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas ou outros órganos de coordinación interadministrativa existentes.

4. A ordenación do espazo marítimo terá por finalidade contribuír aos obxectivos enumerados no artigo 5 e cumprir os requisitos establecidos nos artigos 6 e 10.

5. Ao determinar a ordenación do espazo marítimo, teranse debidamente en conta as peculiaridades das demarcacións mariñas, as actividades e usos existentes e futuros pertinentes e as súas repercusións no ambiente e, en especial, sobre as especies e espazos protexidos, e os recursos, tendo tamén en conta as interaccións entre terra e mar.

Artigo 5. Obxectivos da ordenación do espazo marítimo.

Os obxectivos da ordenación do espazo marítimo materializaranse a través dos plans de ordenación do espazo marítimo, os cales:

a) Establecerán os obxectivos específicos de ordenación en cada demarcación mariña, tendo en conta os obxectivos ambientais das estratexias mariñas e os obxectivos da planificación sectorial.

b) Terán en conta aspectos económicos, sociais e ambientais para apoiar o desenvolvemento e o crecemento sustentables nos sectores marítimos aplicando un enfoque ecosistémico que promoverá a coexistencia das actividades e usos pertinentes e a repartición socialmente equitativa do acceso aos usos.

c) Contribuirán ao desenvolvemento sustentable dos sectores marítimos, entre outros, a pesca, a acuicultura, o turismo, o patrimonio histórico, o transporte marítimo e os aproveitamentos enerxéticos e de materias primas no mar, sen menoscabo da conservación, protección e mellora do ambiente mariño, incluída a resiliencia aos efectos do cambio climático.

Sección 2.^a Plans de ordenación do espazo marítimo

Artigo 6. Requisitos aplicables aos plans de ordenación do espazo marítimo.

Os plans de ordenación do espazo marítimo para contribuír aos obxectivos enumerados no artigo anterior:

- a) terán en conta as interaccións entre terra e mar;
- b) terán en conta tanto os aspectos ambientais, económicos e sociais como os aspectos de seguraza;
- c) procurarán promover a coherencia entre a ordenación do espazo marítimo e o plan ou plans de ordenación resultantes e outros procesos, como a xestión integrada das costas ou prácticas formais ou informais equivalentes;
- d) solicitarán a participación dos grupos de interese, de conformidade co establecido no artigo 8;
- e) utilizarán os mellores datos dispoñibles, de conformidade co artigo 9;
- f) garantirán a cooperación transfronteiriza entre os Estados membros, de conformidade co establecido no artigo 13;
- g) promoverán a cooperación con terceiros países, de conformidade co establecido no artigo 14.

Artigo 7. Elaboración dos plans de ordenación do espazo marítimo.

1. O procedemento de elaboración dos plans de ordenación do espazo marítimo será o seguinte:

a) Cada departamento ministerial afectado, no ámbito das súas competencias e, se procede, en coordinación coas comunidades autónomas, realizará un inventario da distribución das actividades e usos existentes e, na medida do posible, futuros, recollidos no artigo 10, e remitirao á Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar con anterioridade ao 31 de marzo de 2019.

b) Así mesmo, a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar recollerá a información de base necesaria para a elaboración dos plans de ordenación do espazo marítimo, tendo en conta os datos que fosen recompilados no marco das estratexias mariñas de España.

c) Sobre a base da información a que se refiren as alíneas a) e b), a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar elaborará unha proposta de plan de ordenación para cada demarcación mariña que recollerá a aptitude dos espazos mariños para a realización das actividades e usos relevantes, tendo en conta a potencialidade de cada zona, ben como a súa capacidade de carga e o mantemento do bo estado ambiental.

d) A Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar remitirá á Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas a proposta de plans de ordenación das demarcacións mariñas para a súa valoración e informe, logo de consulta aos comités de seguimento das estratexias mariñas, ás comunidades autónomas, ao Consello Asesor de Medio Ambiente e aos departamentos ministeriais afectados, de acordo co previsto no artigo 4.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro. Deberase obter tamén o informe da

Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Unha vez cumpridos estes trámites e a pertinente participación pública, a Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas remitirá a proposta de plans de ordenación das demarcacións mariñas á Secretaría de Estado de Medio Ambiente para a súa elevación ao Consello de Ministros e aprobación mediante real decreto, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

e) Enviaranse á Comisión Europea e a calquera outro Estado membro interesado copias dos plans de ordenación do espazo marítimo, incluído o material explicativo pertinente existente sobre a aplicación do presente real decreto, e de todas as súas actualizacións subseguintes nun prazo de tres meses a partir da súa publicación.

2. Os plans de ordenación do espazo marítimo serán revisados ao menos cada dez anos, tendo en conta as actualizacións pertinentes das estratexias mariñas.

Artigo 8. *Participación pública na tramitación dos plans.*

1. Estableceranse os medios para facer posible a participación pública desde as fases iniciais da elaboración dos plans de ordenación do espazo marítimo, informando todas as partes interesadas e consultando os grupos de interese e autoridades pertinentes, así como o público afectado, de conformidade co establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, así como na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

2. Velarase, así mesmo, por que os grupos de interese e autoridades pertinentes, así como o público afectado, teñan acceso aos plans unha vez concretados, mediante a publicación do contido destes, incluída a parte non normativa non aprobada como real decreto, na páxina web do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Artigo 9. *Utilización e intercambio de datos.*

1. Na elaboración dos plans de ordenación utilizaranse os mellores datos dispoñibles e decidirse como organizar o intercambio de información, necesario para efectos de elaborar os plans de ordenación do espazo marítimo.

2. Os datos mencionados no número 1 poderán incluír, entre outros:

- a) datos ambientais, sociais e económicos recompilados de conformidade coa Lei 41/2010, do 29 de decembro;
- b) datos físicos mariños relativos ás augas mariñas.

3. Ao aplicar o disposto no número 1, os plans de ordenación do espazo marítimo recorrerán aos instrumentos e medios pertinentes, incluídos os xa dispoñibles que se axusten ás especificacións de datos e estean publicados mediante servizos interoperables de conformidade coa Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España.

Artigo 10. *Contido dos plans de ordenación do espazo marítimo.*

1. Nos plans de ordenación do espazo marítimo establecerase a distribución espacial e temporal das correspondentes actividades e usos, existentes e futuros, das augas mariñas españolas, a fin de contribuír aos obxectivos enunciados no artigo 5.

2. Para o establecemento do previsto no punto primeiro, teranse en conta as interaccións pertinentes das actividades e usos. Entre as actividades e usos e intereses posibles incluíranse, entre outros e segundo proceda, os seguintes:

- a) as zonas de acuicultura,
- b) as zonas de pesca,

c) as instalacións e infraestruturas para a prospección, explotación e extracción de petróleo, gas e outros recursos enerxéticos, minerais e granulados minerais, e a produción de enerxía procedente de fontes renovables,

d) as rutas de transporte marítimo e o tráfico marítimo,

e) as zonas de vertedura no mar,

f) os distintos tipos de zonas definidas na Lei 8/1975, do 12 de marzo, de zonas e instalacións de interese para a defensa nacional, así como a zonas mariñas utilizadas para o desenvolvemento de exercicios das Forzas Armadas.

g) os espazos protexidos, os lugares e hábitats que merezan especial atención polo seu alto valor ambiental e as especies protexidas, en especial os dispoñibles no Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade

h) as zonas de extracción de materias primas,

i) a investigación científica,

j) os tendidos de cables e de tubaxes submarinas,

k) as actividades turísticas, recreativas, culturais e deportivas,

l) o patrimonio cultural submarino.

m) os elementos de entre as listas ou outros adicionais que deban formar parte da infraestrutura verde do artigo 15 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Artigo 11. *Aplicación de medidas restritivas da navegación.*

1. Os plans de ordenación elaborados de conformidade con este real decreto non prexudicarán as liberdades de navegación, sobrevoo e tendido de cables submarinos, nos termos previstos no dereito internacional.

Naqueles aspectos que poidan afectar a libre navegación e a pasaxe inocente dos buques estranxeiros, as disposicións dos plans de ordenación deberanse axustar ao establecido na Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar de 1982 (CNUDM), en especial ao seu artigo 21 («Leis e regulamentos do Estado ribeirego relativos á pasaxe inocente»).

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 7, o Ministerio de Fomento, en canto Administración marítima, participará na elaboración daqueles aspectos dos plans de ordenación atinentes ao transporte marítimo, seguranza marítima e da navegación e prevención da contaminación mariña. Cando, na regulación deses contidos, se establezan limitacións que impliquen condicionar, restrinxir ou prohibir a navegación dos buques en calquera lugar dos espazos marítimos determinados neste real decreto, a Dirección Xeral da Mariña Mercante, por si ou por requirimento da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar, adoptará, se for necesario, as medidas adecuadas para garantir o cumprimento de tales limitacións.

Artigo 12. *Seguimento dos plans de ordenación do espazo marítimo.*

Unha vez aprobados os plans de ordenación do espazo marítimo, cada departamento afectado, no marco das súas competencias, elaborará anualmente un informe sobre a aplicación deses plans, que se remitirá á Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar. A Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar avaliará o contido dos informes e remitirá anualmente unha análise deles á Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas. A Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas velará pola aplicación e xestión coordinada dos plans de ordenación do espazo marítimo e as súas actualizacións.

CAPÍTULO III

CooperaciónArtigo 13. *Cooperación entre Estados membros.*

1. No marco do proceso de ordenación e xestión, cooperarase cos Estados membros da Unión Europea cuxas augas mariñas sexan contiguas ás españolas a fin de garantir que os plans de ordenación do espazo marítimo sexan coherentes e se coordinen en toda a rexión mariña afectada. Para efectos desa cooperación, teranse en conta, en particular, as cuestións de carácter transnacional.

2. A cooperación mencionada no número 1 realizarase a través de estruturas existentes de cooperación institucional, tales como convenios mariños rexionais, redes ou estruturas de autoridades competentes dos Estados membros ou calquera outro método que cumpra os requisitos do número 1, por exemplo no marco de estratexias de bacía marítima.

Artigo 14. *Cooperación con terceiros países.*

O Reino de España, na medida do posible, cooperará con terceiros países respecto das súas medidas no ámbito da ordenación do espazo marítimo nas rexións mariñas pertinentes e de conformidade co dereito e as convencións internacionais, ben como a través da cooperación institucional rexional ou os foros internacionais existentes.

Disposición adicional primeira. *Calendario para a elaboración dos plans de ordenación do espazo marítimo.*

Os departamentos ministeriais afectados remitirán o inventario da distribución das actividades e usos existentes e futuros mencionado no artigo 7.1.a) á Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar antes do 31 de marzo de 2019. As propostas de plans de ordenación do espazo marítimo mencionadas no artigo 7.1.c) elevaranse para aprobación mediante real decreto do Consello de Ministros antes do 31 de marzo de 2021.

Este calendario aliñárase co establecido no artigo 15, números 1 e 4, da Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, no referente aos elementos mariños da infraestrutura verde citados no artigo 10, número 2, deste real decreto, de modo que, o máis tardar no ano 2021, se teñan establecido os elementos mariños da infraestrutura verde, e estes se tivesen en conta nos plans de ordenación do espazo marítimo.

Disposición adicional segunda. *Gastos de persoal.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

2. Así mesmo, o capítulo segundo dítase tamén ao abeiro do previsto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que confire ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de directiva comunitaria.*

Mediante o presente real decreto incorpórase ao ordenamento xurídico español a Directiva 2014/89/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, que establece un marco para a ordenación do espazo marítimo.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de abril de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA